

Aplicación do
coñecemento académico
aos retos da sociedade



| Reflexión sobre a potencial aplicación da túa Tese, do teu TFG ou TFM

ÍNDICE

1. INFORMACIÓN XERAL
2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN
3. PROCESO DE INSCRIPCIÓN
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. XURADO
6. PREMIOS
7. FASES
8. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS
9. DEREITO DE EXCLUSIÓN DE PARTICIPANTES
10. ACEPTACIÓN DAS BASES
11. IMAXE
12. ANEXO

1. INFORMACIÓN XERAL

O programa Ícarus é unha iniciativa da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela (AVTE) co obxectivo de estimular nos estudantes unha reflexión sobre a aplicación social e económica do coñecemento contido nos seus traballos de teses de Doutoramento e Fin de Grao (TFG) e Máster (TFM).

Ícarus está dirixido a toda a comunidade universitaria dos campus de Santiago de Compostela e Lugo e inclúe todas as áreas de coñecemento que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela:

⇒ **Artes e Humanidades**

⇒ **Ciencias**

⇒ **Ciencias da Saúde**

⇒ **Ciencias Sociais e Xurídicas**

⇒ **Enxeñería e Arquitectura**

O nome deste programa está inspirado no voo de Ícaro, que se atreveu a aplicar o coñecemento e o enxeño para poder chegar máis aló da illa na que estaba confinado.

Con esa evocación, Ícarus quere recoñecer e premiar o enfoque á aplicación social e económica dos traballos resultantes de teses de Doutoramento e de TFG/TFM, estimulando aos estudantes a traspasar o límite da utilidade académica do seu coñecemento para imaxinar e explorar futuras posibilidades.

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

⇒ Realizar a defensa da tese de Doutoramento ou do TFG/TFM na Universidade de Santiago de Compostela

⇒ As teses de Doutoramento e os TFGs/TFMs deben estar redactados en galego, castelán ou inglés, ou calquera outro idioma admitido pola USC para este tipo de traballos académicos.

⇒ A defensa da tese de Doutoramento e dos TFG/TFM/ debe terse realizado nos dous últimos anos académicos (sempre que finalizasen antes do 21/04/2026).

⇒ Soamente serán válidos aqueles traballos que resultasen coa cualificación mínima de Aprobado.

⇒ Non poderán participar aqueles traballos premiados noutras edicións similares a este programa (como Join TFG/TFM, Icarus e outros).

O incumprimento de calquera destas condicións impide a participación neste programa.

3. PROCESO DE INSCRICIÓN

O prazo para realizar a inscrición estará aberto ata o **30/04/2026**.

As persoas aspirantes deben achegar os seguintes documentos:

⇒ Documento que resuma a posible aplicación da tese de Doutoramento ou do TFG/TFM a un uso social e/ou económico, cun máximo de cinco páxinas, e axustado ao modelo que figura no Anexo Final destas bases, que deberá estar debidamente cuberto.

⇒ Copia da teses de Doutoramento ou do TFG/TFM.

⇒ Fotocopia do DNI.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Valoraránse os seguintes criterios:

- ⇒ Identificación da necesidade social a satisfacer ou o problema técnico detectado
- ⇒ Claridade na descrición da aplicación do coñecemento das teses de Doutoramento ou do TFG/TFM a nivel práctico
- ⇒ Calidade na explicación da proposta
- ⇒ Grao de innovación
- ⇒ Introducción no traballo dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

5. XURADO

A equipa coordinadora do **Ícarus 26** comprobará a adecuación á convocatoria de todas as candidaturas. Posteriormente as seleccionadas recaerán nun Xurado que estará integrado por representantes das seguintes entidades:

- Xunta de Galicia, a través dos seus organismos competentes en materia de innovación e emprendemento.
- EDIUS (Escola de Doutoramento da USC), achegando a visión académica e de excelencia na investigación.
- Expertos de entidades públicas e privadas.
- A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) contará con representación nas deliberacións. Non obstante, a súa participación realizarase en calidade de asesoría técnica, contando con voz pero sen voto.

Criterios de decisión: As decisións do Xurado serán inapelables, podendo declarar deserto calquera premio se as candidaturas non acadan o nivel de calidade requirido para os Premios Finais USC EMPRENDE.

6. PREMIOS

Establécense cinco categorías, por áreas de coñecemento, cada unha delas con premios das mesmas características para teses de Doutoramento e TFG/TFM:

⇒ **Artes e Humanidades**

Primeiro premio 800€ Segundo premio 400€

⇒ **Ciencias**

Primeiro premio 800€ Segundo premio 400€

⇒ **Ciencias da Saúde**

Primeiro premio 800€ Segundo premio 400€

⇒ **Ciencias Sociais e Xurídicas**

Primeiro premio 800€ Segundo premio 400€

⇒ **Enxeñería e Arquitectura**

Primeiro premio 800€ Segundo premio 400€

A organización resérvase o dereito de outorgar accésits, así como declarar desertos os premios se os proxectos presentados non cumpren as condicións para merecer o recoñecemento.

Os pagamentos realizaranse mediante ingreso en conta, previa acreditación por parte das persoas premiadas do cumprimento das bases e a achega da documentación requirida: fotocopia do DNI, datos bancarios, dirección, documento de aceptación do premio, etc. Os pagos estarán suxeitos aos impostos e retencións legalmente establecidos.

7. FASES

Fase 0: Inscripción

O prazo para realizar a inscrición permanecerá aberto ata o 30/04/2026.

Tras a finalización do periodo de inscricións, o persoal da AVTE comprobará que todos os documentos cumpren cos requisitos establecidos.

As inscricións poden realizarse a través da seguinte ligazón:

<https://forms.cloud.microsoft/e/xZ5ZqwYrGV?origin=lprLink>

Fase 1: Valoración

O comité de valoración fará públicos os traballos finalistas o día 19/05/2026, mediante comunicación por mail ás persoas finalistas e publicación na páxina web da AVTE.

Fase 2: Presentación dos traballos

AVTE impartirá dúas sesións de formación, unha en Lugo e outra en Santiago dirixidas ás persoas finalistas, enfocada a expoñer as claves necesarias para unha presentación e defensa eficaz dos seus traballos. Calquera cambio no lugar que lles corresponde deberán comunicalo no formulario de inscrición.

A presentación dos traballos finalistas ante o xurado será no mes de xuño, en datas que se comunicarán con suficiente antelación.

Fase 3: Presentación de Proxectos ante o Xurado

Unha vez finalizada a fase de preselección, as candidaturas finalistas deberán realizar unha presentación oral do seu proxecto ante o xurado cualificador. Esta fase é clave para avaliar a viabilidade real de cada iniciativa.

Para unha avaliación especializada, o proceso dividirase en tres xurados técnicos segundo a rama de coñecemento:

- Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura.
- Ciencias da Saúde.

Convocatoria e localización

A data, a hora e o lugar exacto de cada sesión de presentación anunciaranse publicamente a través da páxina web oficial do programa e das súas redes sociais. Así mesmo, cada equipo finalista recibirá unha notificación individual mediante correo electrónico.

Fase 4: Premios

A data de convocatoria para a entrega dos premios será oportunamente anunciada por correo electrónico, a través da web da AVTE e dos seus perfís en linkedin @avte-usc, Instagram @avte_usc e Facebook @Avte USC.

8. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a manter a confidencialidade dos datos presentados polos participantes. En calquera caso, poderanse difundir características xerais do proxecto e, no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logotipo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas integrantes.

9. DEREITO DE EXCLUSIÓN DE PARTICIPANTES

A organización posúe o dereito de excluír aqueles participantes cuxa actitude non sexa a adecuada ou que non mostren intención de colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente convocatoria implica a aceptación sen excepcións de todas as condicións expostas no presente documento. A interpretación das bases corresponde á organización e as decisións que tome o xurado serán inapelables.

11. IMAXE

As persoas participantes no programa Ícarus 26 autorizan e aceptan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa, se ben, calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe, previa solicitude expresa por escrito.



ANEXO:

Aplicación práctica da Tese de Doutoramento ou TFG/TFM

Nome do proxecto:

Área de coñecemento á que pertence o proxecto:

- Artes e Humanidades
- Ciencias
- Ciencias da Saúde
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Enxeñería e Arquitectura

Data de finalización:

Cualificación acadada:

Aplicación práctica do teu proxecto (máximo cinco páxinas).

Deberán argumentarse na medida do posible e sen superar a máxima extensión indicada, aspectos como:

1. Necesidade social a satisfacer ou problema técnico detectado.
2. Resumo do traballo realizado na Tese de Doutoramento, TFM ou TFG.
3. Descrición da aplicación práctica da túa tese de Doutoramento ou do teu TFG/TFM.
 - Vantaxes en relación ás alternativas actuais e o grao de innovación.
 - Podería protexerse o coñecemento e o grao de innovación que suporía a implantación da solución proposta respecto ao actualmente existente?.
4. Cales serían os usuarios ou clientes aos que se dirixe.
5. Impacto: medido en número de potenciais usuarios beneficiados, tamaño do mercado, ou outros indicadores que permitan avaliar o alcance da proposta.
6. Introducción no traballo dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

*Presentar este documento en galego, castelán ou inglés facilitará o proceso de avaliación e evitará erros de tradución.